

14 de xuño de 2016 – Revista 1076



xuventude.net

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACIÓN /13

BOLSAS E AXUDAS /14

PREMIOS E CONCURSOS /27

NOVAS DE EMPREGO /29

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX /39

EN PORTADA

A Xunta de Galicia participa na entrega de consolas e videoxogos aos nenos da unidade de pediatria oncolóxica do Hospital Clínico Universitario de Galicia

Mercres, 01 Xuño 2016 14:07

A iniciativa parte da celebración, na segunda fin de semana de maio, do encontro informático Gaiás Gaming, que contou co apoio da Consellería de Política Social a través do programa Carné Xove



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e o xerente da Área Sanitaria de Santiago, Luis Verde, acompañaron na mañá de hoxe aos mozos e mozas que compoñen o colectivo Gaiás Gaming na entrega de consolas e videoxogos doados por esta entidade para a unidade de pediatria oncolóxica do Hospital Clínico Universitario de Galicia.

Esta iniciativa partiu da celebración, na segunda fin de semana de maio, do encontro informático Gaiás Gaming, que contou co apoio da Consellería de Política Social a través do programa Carné Xove. Este evento foi a primeira LAN Party con carácter solidario de toda España, xa que de cada venda de entradas, pulseiras e camisetas a organización destinou un euro para a compra das consolas e dos videoxogos.

Programa Carné Xove

O programa Carné Xove, dentro do que se inclúe o certame Gaiás Gaming, conta a día de hoxe cun total de 49.874 beneficiarios e máis de 3.000 establecementos adheridos en toda Galicia.

A finalidade do Carné Xove é facilitar á xente nova con idades comprendidas entre os 12 e os 30 anos (ambos incluídos) o acceso a bens e servizos en tódolos ámbitos: cultural, aloxamento, transportes, comercial, ocio, ensino, etc.; nunhas condicións máis favorables mediante descontos e outras vantaxes. Ademais, os titulares teñen dereito a rebaixas nas iniciativas que organiza a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, tales como a Campaña de Verán, programas de mobilidade e ocio alternativo; actividades na neve e diferentes cursos e accións formativas. Estas vantaxes non se limitan aos 3.040 establecementos de Galicia apuntados a este programa, senón que tamén se obteñen no resto das comunidades autónomas e nos 40 países europeos que forman parte do mesmo.

Esta iniciativa conta con 29 anos de historia dende a súa orixe no Protocolo de Lisboa de 1987, no que se sinala como beneficiarios aos mozos e mozas europeos de entre 16 e 26 anos, se ben en Galicia esta franxa estendouse ata os 30 anos.

A Dirección Xeral de Xuventude reforza o desenvolvemento da expresión artística e a integración social dos mozos e mozas a través do proxecto Mocidade en Acción

Mercres, 01 Xuño 2016 17:29

- O obxectivo é ofrecer á xuventude aos rapaces e rapazas a posibilidade de participar activa e socialmente en actividades que favorezan o seu desenvolvemento
- Dentro das actividades levadas a cabo no marco desta iniciativa se inclúen un taller sobre o proceso creativo, visitas coloquio para o achegamento entre mozos e mozas e expertos en determinadas materias co fin de aportar coñecementos e intercambiar experiencias ou talleres prácticos para promover a alimentación saudable entre outros



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe as instalacións do Espazo Xove de Pontevedra para coñecer de primeira man as actividades que se desenvolven no proxecto "Mocidade en Acción", unha iniciativa que un grupo de mozos e mozas están a desenvolver nos Espazos Xove de Pontevedra, Betanzos e Vilalba. Cecilia Vázquez sinalou que "este proxecto ten como obxectivo ofrecer á xuventude a posibilidade de participar activa e socialmente en diferentes actividades que favorezan o seu desenvolvemento mediante a formación e expresión artística, o ocio activo e a integración social, ademais de apoiar o asociacionismo xuvenil e favorecer o traballo en equipo".

Dentro das actividades levadas a cabo no marco desta iniciativa se inclúen un taller sobre o proceso creativo, dende o nacemento dunha idea ata plasmala sobre o papel; visitas coloquio para o achegamento entre mozos e mozas e expertos en determinadas materias co fin de aportar coñecementos e intercambiar experiencias; talleres prácticos para promover a alimentación saudable entre a mocidade; actividades para a organización e posta en marcha de colectivos xuvenís co fin de promover o asociacionismo e valores como a superación persoal e o traballo en equipo, entre outros; e unha xornada para a recuperación dun espazo coa finalidade de desenvolver o sentimento de pertenza a súa comunidade e promover o voluntariado xuvenil.

O Espazo Xove de Pontevedra forma parte da Rede galega de información xuvenil, xunto coas oficinas municipais de Información Xuvenil, o Centro Coordinador de Información Xuvenil de Santiago e os Espazos Xove de Betanzos, Carballo, Curtis, Noia, Lalín, Tui, Vilagarcía, Chantada, Vilalba, Viveiro e Ourense.

Estes centros, dependentes da Consellería de Política Social, desenvolven actividades de interese para a xuventude, tales como actividades formativas, culturais, deportivas, creativas e artísticas, de lecer e no eido do tempo libre e voluntariado. Ademais, colaboran coas asociacións xuvenís, centros educativos e entidades da respectiva zona xeográfica no asesoramento, posta en marcha e realización de actividades dirixidas aos mozos e mozas.

Contan con espazos expositivos, de ocio e espazos con equipamento informático a disposición dos usuarios. Así mesmo son centros expedidores dos carnés para a mocidade: Carné Xove, carné de alberguista, carné de estudante internacional (ISIC), carné de profesor internacional (ITIC) e carné internacional para non estudantes (IYTC).

Cecilia Vázquez sinalou que ao longo do 2015 estes trece centros levaron a cabo máis de 200 actividades, propias e en

colaboración con distintas entidades, sumando máis de 150.000 usuarios. E no primeiro trimestre do 2016 o número de usuarios supera os 30.000 mozos con máis de 40 actividades postas en marcha.

A directora xeral de Xuventude recordou que estes centros tamén participan no proxecto SIX+Garantía Xuvenil, un proxecto piloto posto en marcha en marzo do 2015 que ten por finalidade dar soporte e información aos mozos e mozas sobre o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, especialmente no referente ao proceso de solicitude de inscrición

Xornada informativa en Noia para captar Correspondentes Xuvenís

Venres, 03 Xuño 2016 10:16



No Espazo Xove de Noia desenvolveuse o día 2 de xuño unha xornada informativa para captar futuros [Correspondentes Xuvenís](#). Nesta xornada participaron 10 mozos e mozas de diferentes centros educativos. Por parte da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado interviñeron *Almudena Suárez*, responsable do Espazo Xove de Noia e *Jesús Antelo*, director do Centro coordinador de información xuvenil..

A Dirección Xeral de Xuventude promove a solidariedade e o compromiso social entre estudantes de Primaria e da ESO a través do programa Pasaporte Solidario

Luns, 06 Xuño 2016 06:52

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, achegouse hoxe ao Colexio La Salle de Caranza (Ferrol) para participar nunha actividade de dinamización do programa Pasaporte Solidario, unha iniciativa da Consellería de Política Social. Así mesmo, fixo entrega de diplomas acreditativos aos participantes na mesma.

Os principais obxectivos do programa son os de promover valores de solidariedade, participación, compromiso social e voluntariado entre a comunidade educativa (pais, nais, profesorado e alumnado) e favorecer que os e as escolares se comprometan como voluntarios e voluntarias a través dunha metodoloxía activa e participativa, que achegue ao alumnado á realidade do voluntariado.

O Pasaporte Solidario é un documento cuxas páxinas conteñen propostas de actividades solidarias pensadas tanto para alumnos de Primaria como da ESO. Coordinadas polos centros educativos, cada participante ten que encher o seu pasaporte con certificados que acrediten o cumprimento da actividade solidaria. Entre as accións que hai que certificar para cubrir o Pasaporte atópanse tarefas como acompañar aos maiores, colaborar na casa ou axudar aos compañeiros de clase.

Cecilia Vázquez foi recibida polo equipo directivo do centro, onde escoitou as súas suxestións e propostas para mellorar o Pasaporte Solidario, unha iniciativa que cumpre o seu quinto ano de vida. A continuación saudou aos alumnos e alumnas participantes e puido coñecer de primeira man como se foron desenvolvendo as distintas actividades.

Personificando neses alumnos/as e profesores/as, a directora xeral agradeceu a participación neste programa aos máis de 1.900 alumnos/as de 18 centros de Galicia que están a traballar co Pasaporte Solidario desde o pasado mes de outubro.

A directora xeral tamén destacou que "con este proxecto estamos en disposición de ofrecerlles aos mozos e mozas galegos a posibilidade de que desenvolvan un itinerario voluntario completo e continuo, que comeza en primaria con Móvete, segue co Pasaporte Solidario, dirixido a mozos de ata 12 anos, continúa coa Rede de Centros Solidarios para estudantes de secundaria, e complétase co Servizo de Voluntariado Xuvenil, que se prolonga ata os 30 anos".

A directora xeral de Voluntariado asegura que as 875 entidades e os 38.930 voluntarios galegos axudan a medir a solidariedade, xenerosidade, ilusión e compromiso cívico do noso pobo

Luns, 06 Xuño 2016 06:54

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou na mañá de hoxe na I Xornada Autonómica de Cooperación e Solidariedade do Colexio de Médico de Galicia. Alí destacou que as 875 entidades e os 38.930 voluntarios inscritos no Rexistro da Acción Voluntaria de Galicia, unhas cifras que incrementan "ano tras ano", e que "axudan a medir como pobo o noso nivel de solidariedade, xenerosidade, ilusión e compromiso cívico".

Dentro da situación actual do voluntariado na sociedade galega, Cecilia Vázquez subliñou a importancia da Lei de Acción Voluntaria, que xunto coa Estratexia de acción voluntaria 2016-2018 aprobada no Consello da Xunta, "recollen a estratexia de presente e de futuro, consensuada co sector, para promover e consolidar a acción voluntaria na nosa comunidade". "Grazas a esta Lei, Galicia é por agora a única Comunidade Autónoma que, seguindo o modelo europeo, certifica oficialmente a experiencia voluntaria", apuntou.

Cómpre destacar, como dixo a directora xeral, que das 875 entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, 263 están dedicadas a temas relacionados coa saúde. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado presta apoio ás referidas entidades a través das dúas liñas de subvencións para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e de voluntariado xuvenil, así como coa realización dun total de 34 accións formativas nos últimos anos orientadas especificamente ás persoas voluntarias que operan con estes colectivos, e das que se beneficiaron case 3.000 alumnos. A intervención de persoas voluntarias neste campo, salientou Cecilia Vázquez, "proporcionou grandes resultados na rehabilitación psicosocial das persoas con estes tipos de discapacidade".

Do mesmo xeito, a responsable da Dirección de Xuventude, Participación e Voluntariado destacou o papel do colectivo médico de Galicia, "xa que desempeña no día a día unha gran labor solidaria".

Mobilidade trasnacional xuvenil Galeuropa 2016. Procedemento BS324C. Listado provisional

Luns, 06 Xuño 2016 15:03



De conformidade co artigo 16, parágrafo 3 da Orde do 23 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade trasnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao Programa operativo de Emprego Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, se procede a publicar a relación provisional de entidades beneficiarias e en lista de espera do procedemento BS324C (axudas á entidades locais)

[LISTADO PROVISIONAL](#)

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é nomeada secretaria xeral do Consorcio da Rede Española de Albergues Xuvenís

Luns, 06 Xuño 2016 15:43

- Galicia conta con 9 instalacións asociadas a este consorcio, que tamén xestiona os carnés internacionais de alberguista



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, foi nomeada hoxe en asemblea secretaria xeral do Consorcio da Rede de Española de Albergues Xuvenís (REAJ), unha entidade pública que aglutina os 260 albergues xuvenís de todo o Estado. O seu equivalente mundial, o Hostelling International conta con 4.000 albergues nos cinco continentes.

Os albergues xuvenís asociados no REAJ en Galicia son os de Monte do Gozo, en Santiago; ArtSurfCamp en Carballo (A Coruña); os Biocos da Vía Nova, en San Xoán de Río (Ourense); a residencia de Altamar, en Vigo; a residencia Florentino López Cuevillas, en Ourense; Gandarío, en Bergondo (A Coruña); o Lug II, en Lugo; o Equal, en Coles (Ourense); e o das Corcerizas, en Vilar de Barrio (Ourense).

Os usuarios destas instalacións poden obter o carné de alberguista, que está recoñecido internacionalmente e que é válido para utilizar nos albergues de todos os países. Está dirixido a todo tipo de público, sen límite de idade. O seu prezo é de 6 euros para mozos e mozas de carné xove, 13 para adultos e 25 euros para familias e grupos.

Representantes de entidades de Alemaña, Polonia, República Checa, Italia, Suecia e de comunidades españolas avalían o grao de execución do proxecto de mobilidade trasnacional xuvenil

Martes, 07 Xuño 2016 13:51

- A nosa Comunidade Autónoma foi a primeira de España que se incorporou a este proxecto a través do programa Galeuropa, que en Galicia conta cun orzamento superior aos 7 millóns de euros para o período 2015-2020
- Galeuropa ten por obxecto a concesión de axudas para proxectos de mobilidade trasnacional dirixidos a mozos e mozas para a realización de prácticas formativas non remuneradas de ata catro meses de duración en entidades ou empresas públicas ou privadas dunha trintena de países europeos



Galicia acolle hoxe e mañá a reunión do grupo de traballo TNL mobility rede de entidades de varios países europeos impulsores da convocatoria coordinada de mobilidade trasnacional xuvenil. Este é un proxecto liderado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de Alemaña no que a nosa Comunidade Autónoma participa a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Así pois, durante dous días danse cita en Galicia representantes de entidades de Alemaña, Polonia, República Checa, Italia, Suecia e doutras Comunidades Autónomas de España para avaliar o estado de execución e desenvolvemento do proxecto, que se enmarca no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, cofinanciado pola Iniciativa Europea de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, destacou que a través do programa Galeuropa, Galicia foi no 2015 a primeira Comunidade Autónoma española que se incorporou a este proxecto de mobilidade trasnacional xuvenil, que na nosa comunidade conta cun orzamento superior aos 7 millóns de euros para as anualidades 2015-2020.

Galeuropa ten por obxecto a concesión de axudas para proxectos de mobilidade trasnacional dirixido a mozos e mozas para a realización de prácticas formativas non remuneradas de ata catro meses de duración en entidades ou empresas públicas ou privadas de 31 países europeos. Na convocatoria deste ano, que está na fase de avaliación, puideron participar mozos e mozas de ata 30 anos inscritos no ficheiro de Garantía Xuvenil.

Vázquez Suárez dixo que "a mobilidade non é un fin en si mesmo e debe entenderse como a adquisición de novas capacidades nun entorno cultural e social novo, tanto a través da formación académica como das prácticas profesionais e mesmo dos propios procesos de educación non formal que leva parella a participación nestes programas".

A directora xeral tamén afirmou que "as iniciativas de mobilidade teñen como finalidade mellorar a formación da mocidade galega, ampliando o currículo laboral a través dunha experiencia internacional e que estas experiencias poden ser de moita utilidade para complementar ensinanzas académicas con experiencias e competencias adquiridas mediante a participación xuvenil e a mobilidade".

A Dirección Xeral de Xuventude presenta o campo de traballo sobre a igualdade no mundo rural no que participarán 20 mozos e mozas

Mercres, 08 Xuño 2016 15:00

- Os voluntarios e voluntarias realizarán dinámicas de rúa para presentar o Campo no municipio e entrevistarán en vídeo aos veciños e veciñas con intervencións e opinións sobre a igualdade para axudar a visualizar a problemática, entre outras iniciativas
- A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos de traballo na comunidade galega nos meses de verán que contribúen á difusión de valores como a solidariedade e fomentan a mobilidade



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presentou esta mañá o Campo de Traballo de Curtis xunto co alcalde da localidade, Javier Cainzos. Esta iniciativa terá lugar entre o 20 e o 31 de xullo cunha temática ligada á igualdade no mundo rural.

Os voluntarios e voluntarias realizarán dinámicas de rúa para presentar o Campo no municipio, entrevistarán en vídeo aos veciños e veciñas con intervencións e opinións sobre a igualdade, para axudar a visualizar a problemática; traballarán nos campamentos de

rapaces para implicar a mocidade nos termos e conceptos da igualdade e das actitudes e, por último, realizarán un traballo de investigación sobre a igualdade no medio rural, cunha exposición final.

Nesta iniciativa, na que colaboran a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e o Concello de Curtis, participarán un total de 20 voluntarios de entre 18 e 30 anos, procedentes de Galicia e do resto de España.

Cecilia Vázquez destacou que “os campos de traballo contribúen á difusión de valores como a participación, a solidariedade, o coñecemento do contorno e o traballo en equipo entre os participantes”. Así mesmo, “fomentan a mobilidade, pois ofrecen aos mozos e mozas a oportunidade de tomar parte en campos doutras Comunidades e países”.

Son polo tanto recursos de gran valor xuvenil, nos que Galicia é a comunidade de referencia na materia. Cómpre destacar que o ano pasado Galicia organizou o 34% dos campos de traballo internacionais que se celebraron en toda España, segundo o balance realizado polo Injuve.

A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos de traballo na comunidade galega nos meses de verán nos concellos coruñeses de Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois, Betanzos, Curtis, Vedra, Ribeira e Coiroís e nos concellos ourensáns de Celanova, Ourense, Muíños, Vilamarín e A Peroxa. Así mesmo, celebráranse nos municipios lucenses de Folgoso do Courel, Portomarín, Becerreá, Pantón, Quiroga e Xermade, así como en localidades da provincia de Pontevedra como as Illas Cíes (4 quendas), Cotobade e Vilanova de Arousa.

Este ano os mozos e mozas galegos dispoñen de 575 prazas para participar nos Campos de traballo. Destas prazas, 120 son para Campos noutras comunidades autónomas, 250 para Campos en 34 países de Europa, Asia, África e América e 205 para Campos en Galicia. Con estes datos, Galicia é a comunidade española con máis prazas en campos de traballo.

Campaña de verán 2016
Cecilia Vázquez lembrou que os campos de traballo enmárcanse dentro da Campaña de Verán 2016 que organiza a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. “Esta campaña é a máis inclusiva e importante dos últimos anos no que se refire a número de prazas ofertadas. En total, son 9.046 as prazas que se ofrecen, o que significa incrementar nun 6% as prazas dispoñibles no ano pasado”, explicou a directora xeral.

Ademais destes campos, a campaña de verán inclúe albergues, campamentos e actividades de ocio e tempo libre para a mocidade. A Consellería de Política Social destina un orzamento de 2,6 millóns de euros a esta campaña.

Cómpre destacar que, outro dos aspectos positivos da campaña está no impulso ao emprego que leva aparellada. Grazas ao desenvolvemento destas actividades, as empresas de ocio e tempo libre de Galicia darán traballo a máis de 900 monitores/as e directores/as de campamentos.

Os interesados e interesadas nesta campaña, xa poden consultar toda a información relativa á mesma en <http://xuventude.xunta.es>.

A Dirección Xeral de Xuventude organiza o campo de traballo internacional “Un rural para tod@s” de carácter medioambiental e social

Venres, 10 Xuño 2016 12:03

- Un total de 20 mozos e mozas participarán nesta iniciativa na que acondicionarán terreos para uso agroecolóxico, deseñarán hortas e plantarán verduras de outono-inverno entre outras actividades
- A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos de traballo na comunidade galega nos meses de verán que contribúen á difusión de valores como a solidariedade e fomentan a mobilidade



A cidade de Ourense acollerá entre o 1 e o 11 de agosto un Campo de traballo de carácter internacional, no que participarán 20 mozos e mozas galegos, do resto de España e de países de todo o mundo. Esta iniciativa foi presentada hoxe pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e polo alcalde da cidade, Jesús Vázquez, quen es estiveron acompañados pola delegada territorial da Xunta de Galicia, María Sol Díaz Mouteira.

Este Campo leva por título “Un rural para tod@s” e ten un carácter medioambiental e social. As actividades que desenvolverán os voluntarios consistirán no acondicionamento de terreos para uso agroecolóxico, na dotación de elementos de apoio para as parcelas, como un pequeno pendello para almacenaxe e un invernadoiro, o deseño de hortas e a plantación de verduras de outono-inverno. Tamén realizarán actividades de formación e asesoramento na comercialización de produtos agrícolas.

Este Campo leva por título "Un rural para tod@s" e ten un carácter medioambiental e social. As actividades que desenvolverán os voluntarios consistirán no acondicionamento de terreos para uso agroecolóxico, na dotación de elementos de apoio para as parcelas, como un pequeno pendello para almacenaxe e un invernadoiro, o deseño de hortas e a plantación de verduras de outono-inverno. Tamén realizarán actividades de formación e asesoramento na comercialización de produtos agrícolas.

Cecilia Vázquez destacou que "os campos de traballo contribúen á difusión de valores como a participación, a solidariedade, o coñecemento do contorno e o traballo en equipo entre os participantes". Así mesmo, "fomentan a mobilidade, pois ofrecen aos mozos e mozas a oportunidade de tomar parte en campos doutras Comunidades e países".

Son polo tanto recursos de gran valor xuvenil, nos que Galicia é a comunidade de referencia na materia. Cómpre destacar que o ano pasado Galicia organizou o 34% dos campos de traballo internacionais que se celebraron en toda España, segundo o balance realizado polo Injuve.

A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos de traballo na comunidade galega nos meses de verán nos concellos coruñeses de Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois, Betanzos, Curtis, Vedra, Ribeira e Coirós e nos concellos ourensáns de Celanova, Ourense, Muíños, Vilamarín e A Peroxa. Así mesmo, celebráranse nos municipios lucenses de Folgoso do Courel, Portomarín, Becerreá, Pantón, Quiroga e Xermade, así como en localidades da provincia de Pontevedra como as Illas Cíes (4 quendas), Cotobade e Vilanova de Arousa.

Este ano os mozos e mozas galegos dispoñen de 575 prazas para participar nos Campos de traballo. Destas prazas, 120 son para Campos noutras comunidades autónomas, 250 para Campos en 34 países de Europa, Asia, África e América e 205 para Campos en Galicia. Con estes datos, Galicia é a comunidade española con máis prazas en campos de traballo.

Campaña de verán 2016

Cecilia Vázquez lembrou que os campos de traballo enmárcanse dentro da Campaña de Verán 2016 que organiza a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. "Esta campaña é a máis inclusiva e importante dos últimos anos no que se refire a número de prazas ofertadas. En total, son 9.046 as prazas que se ofrecen, o que significa incrementar nun 6% as prazas dispoñibles no ano pasado", explicou a directora xeral.

Ademais destes campos, a campaña de verán inclúe albergues, campamentos e actividades de ocio e tempo libre para a mocidade. A Consellería de Política Social destina un orzamento de 2,6 millóns de euros a esta campaña.

Cómpre destacar que, outro dos aspectos positivos da campaña está no impulso ao emprego que leva aparelada. Grazas ao desenvolvemento destas actividades, as empresas de ocio e tempo libre de Galicia darán traballo a máis de 900 monitores/as e directores/as de campamentos.

Os interesados e interesadas nesta campaña, xa poden consultar toda a información relativa á mesma en <http://xuventude.xunta.es>.

A consellería de Política Social segue a apostar polo voluntariado co programa Pasaporte Solidario que promove os valores de solidariedade, participación e compromiso social

Xoves, 09 Xuño 2016 07:33

Os alumnos do CPR Nosa Señora do Rosario de Arzúa que participaron no programa Pasaporte Solidario recibiron hoxe os certificados acreditativos de mans da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez. Os principais obxectivos deste programa da Consellería de Política Social son os de promover valores de solidariedade, participación, compromiso social e voluntariado entre a comunidade educativa (pais, nais, profesorado e alumnado) e favorecer que os e as escolares se comprometan como voluntarios e voluntarias a través dunha metodoloxía activa e participativa, que achega ao alumnado á realidade do voluntariado.

O Pasaporte Solidario é un documento que contén páxinas con propostas de actividades solidarias pensadas tanto para alumnos de Primaria como da ESO. Coordinados polos centros educativos, cada participante ten que encher o seu pasaporte con certificados que acrediten o cumprimento da actividade solidaria. Entre as accións que hai que certificar para cubrir o Pasaporte atópanse tarefas como acompañar aos maiores, colaborar na casa ou axudar aos compañeiros de clase.

Cecilia Vázquez foi recibida polo equipo directivo do centro, onde escoitou as súas suxestións e propostas para mellorar o Pasaporte Solidario, unha iniciativa que cumpre o seu quinto ano de vida. A continuación, saudou aos alumnos e alumnas participantes e puido coñecer de primeira man como se foron desenvolvendo as distintas actividades. Con eses alumnos e profesores como exemplo, a directora xeral agradeceu a participación neste programa aos máis de 1.900 alumnos de 18 centros de Galicia que están a traballar co Pasaporte Solidario desde o pasado mes de outubro.

Vázquez tamén destacou que con este proxecto a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ofrece unha programación para que os mozos e mozas galegos teñan a posibilidade de desenvolver un itinerario voluntario completo e continuo.

O proxecto comeza en primaria con Móvete, segue co Pasaporte Solidario, dirixido a mozos de ata 12 anos, continúa coa Rede de Centros Solidarios para estudantes de secundaria, e complétase co Servizo de Voluntariado Xuvenil, que se prolonga ata os 30 anos.

Mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa 2016. Procedemento BS324B. Listado provisional

Mercres, 08 Xuño 2016 15:57

De conformidade co artigo 16, parágrafo 3 da Orde do 23 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao Programa operativo de Emprego Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, se procede a publicar a relación provisional de entidades beneficiarias e en lista de espera do procedemento BS324B (axudas a entidades sen ánimo de lucro)

LISTADO PROVISIONAL



A Dirección Xeral de Xuventude presenta o campo de traballo sobre a igualdade no mundo rural no que participarán 20 mozos e mozas

Mercres, 08 Xuño 2016 15:00

- Os voluntarios e voluntarias realizarán dinámicas de rúa para presentar o Campo no municipio e entrevistarán en vídeo aos veciños e veciñas con intervencións e opinións sobre a igualdade para axudar a visualizar a problemática, entre outras iniciativas
- A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos de traballo na comunidade galega nos meses de verán que contribúen á difusión de valores como a solidariedade e fomentan a mobilidade

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presentou esta mañá o Campo de Traballo de Curtis xunto co alcalde da localidade, Javier Cainzos. Esta iniciativa terá lugar entre o 20 e o 31 de xullo cunha temática ligada á igualdade no mundo rural.

Os voluntarios e voluntarias realizarán dinámicas de rúa para presentar o Campo no municipio, entrevistarán en vídeo aos veciños e veciñas con intervencións e opinións sobre a igualdade, para axudar a visualizar a problemática; traballarán nos campamentos de rapaces para implicar a mocidade nos termos e conceptos da igualdade e das actitudes e, por último, realizarán un traballo de investigación sobre a igualdade no medio rural, cunha exposición final.

Nesta iniciativa, na que colaboran a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e o Concello de Curtis, participarán un total de 20 voluntarios de entre 18 e 30 anos, procedentes de Galicia e do resto de España.

Cecilia Vázquez destacou que "os campos de traballo contribúen á difusión de valores como a participación, a solidariedade, o coñecemento do contorno e o traballo en equipo entre os participantes". Así mesmo, "fomentan a mobilidade, pois ofrecen aos mozos e mozas a oportunidade de tomar parte en campos doutras Comunidades e países".

Son polo tanto recursos de gran valor xuvenil, nos que Galicia é a comunidade de referencia na materia. Cómpre destacar que o ano pasado Galicia organizou o 34% dos campos de traballo internacionais que se celebraron en toda España, segundo o balance realizado polo Injuve.

A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos de traballo na comunidade galega nos meses de verán nos concellos coruñeses de Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois, Betanzos, Curtis, Vedra, Ribeira e Coirós e nos concellos ourensáns de Celanova, Ourense, Muíños, Vilamarín e A Peroxa. Así mesmo, celebraranse nos municipios lucenses de Folgoso do Courel, Portomarín, Becerreá, Pantón, Quiroga e Xermade, así como en localidades da provincia de Pontevedra como as Illas Cíes (4 quendas), Cotobade e Vilanova de Arousa.

Este ano os mozos e mozas galegos dispoñen de 575 prazas para participar nos Campos de traballo. Destas prazas, 120 son para Campos noutras comunidades autónomas, 250 para Campos en 34 países de Europa, Asia, África e América e 205 para Campos en Galicia. Con estes datos, Galicia é a comunidade española con máis prazas en campos de traballo.

Campaña de verán 2016

Cecilia Vázquez lembrou que os campos de traballo enmárcanse dentro da Campaña de Verán 2016 que organiza a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. "Esta campaña é a máis inclusiva e importante dos últimos anos no que se refire a número de prazas ofertadas. En total, son 9.046 as prazas que se ofrecen, o que significa incrementar nun 6% as prazas dispoñibles no ano pasado", explicou a directora xeral.

Ademais destes campos, a campaña de verán inclúe albergues, campamentos e actividades de ocio e tempo libre para a mocidade. A Consellería de Política Social destina un orzamento de 2,6 millóns de euros a esta campaña.

Cómpre destacar que, outro dos aspectos positivos da campaña está no impulso ao emprego que leva aparelada. Grazas ao desenvolvemento destas actividades, as empresas de ocio e tempo libre de Galicia darán traballo a máis de 900 monitores/as e directores/as de campamentos.

Os interesados e interesadas nesta campaña, xa poden consultar toda a información relativa á mesma en <http://xuventude.xunta.es>.

EN PORTADA

NOVAS E ACTIVIDADES

Semana cultural no IES Porto do Son

Mercres, 01 Xuño 2016 06:51



As alumnas *Alba Vázquez* e *Marta Bemárdez*, [Correspondentes Xuvenis](#) do IES de Porto do Son, e a súa compañeira de clase, *Nuria Noya*, elaboraron un vídeo sobre a celebración da Semana Cultural do Centro, adicada ao tema Ciencia e Ficción.

O vídeo pode verse en <https://vimeo.com/166209048>

Dentro das actividades da Semana Cultural, o profesor Francisco Pena do Departamento de Matemática Aplicada da USC impartiu unha charla temática sobre Maridaxe de Matemáticas e Informática, dirixida ao alumnado de Bacharelato. Asimesmo tamén explicou a dobre grao en Enxeñaría informática e Matemáticas que se oferta no Campus de Santiago dende este curso académico.

Se amosedes máis curiosidade, podedes consultar a presentación empregada na charla na seguinte dirección: goo.gl/dKepc5, a través dos seus hipervínculos veredes numerosas imaxes, noticias, vídeos interesantes e relacionados coa investigación, como por exemplo, a simulación do fluxo sanguíneo por ordenador para unha cirurxía.

Premio para alumnas do CPI Os Dices

Venres, 03 Xuño 2016 06:23



O equipo formado por *Alba Alfonsín*, *Martina Fuentes*, *Estela Otero*, *Lucía Vázquez*, *Paula Refojo*, *Ainara Rodríguez* e *Ona Tobaruela*, de terceiro curso de Educación Secundaria do CPI Os Dices, en Rois, dirixidas pola profesora de Francés, Céline Benmessauod, acaban de recoller en París o segundo premio (un clap de prata) dun certame internacional de vídeos en lingua francesa.

Ona Tobaruela colabora coa Dirección Xeral de Xuventude a través do programa [Correspondentes Xuvenis 3.0](#)

Parabéns polo premio e polo traballo desvolto!

Campos de traballo - ULTIMAS PRAZAS

Venres, 03 Xuño 2016 08:00



Ainda podes solicitar praza nos seguintes [campos de traballo](#)

A CORUÑA

- 150001- Monte da Espenuca, 4 prazas
- 150002- Horta do Muíño, 5 prazas
- 150003- Aldea do Couto, 2 prazas
- 150004- O Pico Sacro, 6 prazas
- 150006- Castro de Socastro, 2 prazas
- 150007- Parque do Pasatempo, 4 prazas
- 150008- Igualdade e medio rural no concello de Curtis, 8 prazas
- 150009- Bradoso-Acheiro, 5 prazas
- 150010- Vedra, 6 prazas

LUGO

- 270002- Rota do Románico, 4 prazas
- 270003- Castelo de Novaes, 2 prazas
- 270004- Casa Neveira, 6 prazas
- 270005- Castromaior, 8 prazas

OURENSE

- 320001- A Peroxa, 5 prazas
- 320002- Un rural para tod@s, 4 prazas
- 320003- Vilamarín, 6 prazas
- 320004- Muíños de Torrente, 3 prazas

PONTEVEDRA

- 360001- Emprendemento verde no rural, 5 prazas
- 360002- Natureza e patrimonio xunto o mar, 2 prazas

As fichas informativas dos campos de traballo pódelas consultar [aquí](#)

O [prezo](#) dos campos é de 110€. Aos posuídores do carné xove ou carné de familia numerosa aplicaráselles un desconto do 25%.

A inscrición farase chamando aos teléfonos 981 544 838 – 981 957 115.

20 anos camiñando polo SVE: xornadas informativas sobre o Servizo Voluntario Europeo (SVE) Erasmus+: Xuventude en Acción

Venres, 03 Xuño 2016 08:02



Coincidindo co vixésimo aniversario do Servizo Voluntario Europeo (SVE), a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en colaboración coa Axencia Nacional do programa Erasmus+:Xuventude en Acción, desprazarase a varias localidades da xeografía galega cunha carpa onde se ofertará información sobre o Servizo Voluntario Europeo, acción incluída no programa europeo Erasmus+: Xuventude en Acción, que ten como obxectivo principal promover a participación cidadá, desenvolver a solidariedade entre os/as máis novos/as, promover a relación con culturas diferentes e facilitar a aprendizaxe ou perfeccionamento doutros idiomas.

LOCALIDADE	EMPRAZAMENTO	DATA	HORA
Marín	Alameda Rosalía de Castro	8 de xuño	18:00 – 20:00 h
Ourense	Parque de San Lázaro	9 de xuño	18:00 – 20:00 h
Arteixo	Avenida do Balneario	15 de xuño	18:00 – 20:00 h
Mondoñedo	Praza do Concello	16 de xuño	18:00 – 20:00 h

Que é o Servizo Voluntario Europeo?

Prazos de solicitude?

Socios?

.....

Pásate e darémoche resposta as túas dúbidas!!!

Queres estudar un ciclo formativo de FP?

Venres, 03 Xuño 2016 10:29



Remataches a ESO ou Bacharelato? Unha opción para continuar a túa formación son os *ciclos formativos de FP*.

Podes consultar toda a oferta en Galicia no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.es/fp/folletos-informativos-fp>

Ao longo deste mes de xuño publicaranse as novidades do vindeiro curso 2016/2017 e abrirase o prazo para facer a preinscrición en ciclos formativos.

Formación Profesional

Campamento fin de curso do grupo Scout Ilex 959

Luns, 06 Xuño 2016 06:46



O Grupo Scout ILEX 959 organiza un campamento de 6 días rodeado de natureza e cheo de actividades dinámicas e divertidas: aprenderedes a facer construcións útiles para a vida no campamento, a cociñar a vosa propia comida, a orientarvos e seguir pistas para chegar a sitios de interese, e moitas cousas máis!

O campamento realizarase entre o **24 e o 29 de xuño** nas instalacións do Centro Scout Abeiro, preto da cidade de Santiago de Compostela (42.8974648, -8.5846899), desenvolto por un experimentado equipo de monitores e monitoras. Está destinado a rapazas e rapaces de entre **8 e 14 anos**, divididos en 2 grupos segundo a idade.

Prezo

60 € persoas socias (cun 25% desconto aplicable a irmáns e irmás)

75 € persoas non socias

O prezo inclúe transporte de ida e volta dende Ourense, alimentación, aloxamento, actividades, seguros, materiais e monitores/as.

Inscrición e máis información: <http://scoutsourense.org/campamento-de-veran>

Axudas económicas para libros de texto e material escolar

Luns, 06 Xuño 2016 10:29



Segue aberto o prazo para solicitar libros de texto para o curso 2016-2017. Pódense pedir ata o **23 de xuño**

A Consellería de Educación convoca un **fondo solidario de libros de texto** e axudas para **adquirir libros de texto e material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, ESO e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2016/17.

No fondo solidario de libros de texto poderá participar o alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en 1º e 3º de ESO; cursos en que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2015/16. A asignación farase:

- Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
- Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda.

Na convocatoria de axudas para adquirir libros de texto poderá participar o alumnado matriculado en 1º e 2º de EP, en 2º e 4º de ESO, e en educación especial.

A convocatoria de axudas para adquirir material escolar está destinada ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o día 23 de xuño de 2016 (este incluído). As solicitudes poden tramitarse dende <https://sede.xunta.es/> co procedemento **ED330B**. Máis información no DOG do 16 de maio de 2016 e en <https://www.edu.xunta.es/axudaslibros/>

Video realizado polo alumnado Correspondente do IES Saturnino Montojo de Ferrol

Martes, 07 Xuño 2016 07:06



O alumnado Correspondente do IES Saturnino Montojo enviannos varios videos resumo do traballo que desenvolveron ao longo do curso:

Video sobre a implicación dos correspondentes na vida do centro:

<https://goo.gl/0xHu6R>

Video elaborado polas correspondentes polo día da muller:

<https://goo.gl/D0xFzF>

As e os Correspondentes Xuvenis do IES Saturnino Montojo son:

Inés, Andrea María, Paula, Iago, Rocio, Francisco Javier, Cristina, Fátima, Ana María, Hugo, Sara, Cristina, Antía, Lucía, Olalla, Clara, Carla, Lucía, Ángela, Lucía, Iago, Seda, Sandra, María Andrea, Inés, María, Lucas, Iago e Francisco.

PARABENS polo traballo desenvolvido!!

Prazas nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo

Mercres, 08 Xuño 2016 06:03



A Consellería de Educación convoca prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso académico 2016/17.

Requisitos:

Alumnado que no curso académico 2016/17 inicie ou continúe estudos postobrigatorios non universitarios en centros docentes públicos ou privados concertados, situados nos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo.

A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha modalidade concreta dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:

- Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.
- Tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.

Excepcionalmente, poderán ser eximidos deste requisito os solicitantes nos cales concorran circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas e acreditadas.

Requisito de renda da unidade familiar:

A praza de residencia será *gratuita*: Cando a renda da unidade familiar da persoa adxudicataria sexa igual ou inferior ao *límiar 2** fixado polo Ministerio de Educación para o curso 2015/16 ([Boletín Oficial del Estado núm. 159, do 4 de xullo](#)).

Cando a renda da unidade familiar sexa superior ao *límiar 2**, a persoa adxudicataria deberá aboar anualmente as seguintes cantidades:

- Ata un 10 %: 538 €.
- Máis do 10 % e ata un 20 %: 825 €.
- Máis do 20 % e ata un 30 %: 1.307 €.
- Máis do 30 %: 1.968 €.

Prazos:

- Para os solicitantes matriculados en Bacharelato ata o **15 de xullo de 2016**.
 - Para os solicitantes matriculados en ciclos formativos ata o **8 de agosto de 2016**
- Os trámites poden facerse en <http://sede.xunta.es> co procedemento ED306A

Máis información no [DOG do 8 de xuño de 2016](#) e nos CRD:

<http://centros.edu.xunta.es/credocoruna/>

<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>

<http://centros.edu.xunta.es/credodeourense/>

* O *límiar 2* de renda familiar para o curso 2015-2016:

Familias dun membro: 13.236 €

Familias de dous membros: 22.594 €

Familias de tres membros: 30.668 €

Familias de catro membros: 36.421 €

Familias de cinco membros: 40.708 €

Familias de seis membros: 43.945 €

Familias de sete membros: 47.146 €

Familias de oito membros: 50.333 €

Certificación galega de competencias dixitais en ofimática

Mercres, 08 Xuño 2016 06:40



A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia fai unha convocatoria para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, tras o seguimento dun curso de preparación na modalidade de teleformación.

Destinatarios

Persoas maiores de 16 anos ou que os cumpran antes do remate do prazo de inscrición.

Organización do curso

- Número de prazas: 180.
- Duración: 12 semanas (190 horas lectivas).
- Modalidade: teleformación tutorizada a través da plataforma EMA da rede CeMIT.
- Datas de realización: do 5 de setembro ao 27 de novembro do ano 2016.

Contido

- No curso desenvolveranse os seguintes temas:

- Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (30 horas).
 - Aplicacións informáticas de tratamento de textos. LibreOffice Writer (30 horas).
 - Aplicacións informáticas de follas de cálculo. LibreOffice Calc (50 horas).
 - Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais. LibreOffice Base (50 horas).
 - Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información. LibreOffice Impress (30 horas).
2. O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233_2 «Ofimática» (190 horas), asociado á unidade de competencia UC0233_2 Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación, do Catálogo nacional de cualificacións.

Solicitudes

As persoas que desexen participar no curso convocado nesta resolución deberán inscribirse a través da internet na páxina web de CeMIT (<http://cemit.xunta.gal>)

As 180 prazas dispoñibles asignaranse por sorteo.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **14 de xuño de 2016**.

Máis información no DOG do 8 de xuño de 2016 e en <https://cemit.xunta.gal/>

Cursos gratuitos condutor autobus (D) Alsa , xóvenes de garantía xuvenil.

Mercres, 08 Xuño 2016 10:34



A Empresa Alsa convoca 240 prazas gratuitas (dirixido a xóvenes de 24 a 30 anos apuntados en garantía xuvenil) para dous cursos. Curso para a obtención do permiso de conducir D (autobuses) máis CAP INICIAL (formación obrigatoria para exercer como condutor de autocar). 210 horas de formación e 120 prazas. Curso para a obtención do Certificado de Profesionalidade de condutor de autobus (120 prazas). Requisito ter o permiso D.

Aqueles alumnos Aptos, teñen a posibilidade de acceder a un posto de traballo na empresa.

Requisito: ter formación ESO ou equivalente.

O período de inscrición é ata o 17 de xuño.

Máis información: Web del Ayuntamiento de San Lorenzo de El

Escorial www.aytosanlorenzo.es

Envía tu CV a formacionyempleo@alsa.es. Teléfono de contacto: 647.311.873

<http://www.injuve.es/gl/convocatorias/cursos/cursos-gratuitos-conductor-autobus-alsa-garantia-juvenil>

Sorteo de 20 prazas en campos de traballo

Xoves, 09 Xuño 2016 07:24

Queres asistir como voluntario aos campos de traballo que organiza Xuventude no mes de xullo?

Se tes 18 anos e Carné xove, participa no sorteo do 28 de xuño.

Sorteamos 20 prazas para os campos de traballo do mes de xullo, en Galicia. Nestes campos terás a oportunidade de convivir con mozos e mozas galegos, doutras CCAA e do estranxeiro, participando en actividades de voluntariado e de lecer.



Para este sorteo tes que ser titular do Carné xove, **maior de 18 anos**.

Podes enviar xa o [formulario](#), ata as 9.00 h do xoves, día **28 de xuño**.

As persoas premiadas poderán elixir o campo de traballo ao que queiran asistir, entre aqueles nos que haxa dispoñibilidade de prazas.

Máis información sobre campos de traballo en Galicia: <http://xuventude.xunta.es/oferta-campos-de-traballo-en-galicia.html>

Campamentos tecnolóxicos en Santiago e na Coruña

Xoves, 09 Xuño 2016 10:10

Tech-Academy organiza campamentos tecnolóxicos durante o verán de 2016

Campamento tecnolóxico en Santiago de Compostela

Datas: 4 ao 15 de xullo

Idades: 8 a 16 anos

Horario: 09:00 a 14:00

Campamento Minecraft Impresión 3D

Datas: 18 ao 29 de xullo

Idades: 8 a 16 anos

Horario: 09:00 a 14:00

<http://www.tech-academy.info/#!campamentos-santiago/c1n6i>

Campamentos na Coruña:

Programación y robótica teens camp

Arcade Minecraft teens camp

Programación de videojuegos

Iniciación robótica

Mundo Arcade

Mundo Minecraft

<http://www.tech-academy.info/#!campamentos-tecnologicos/cpax>



Freicorrespondentes

Xoves, 09 Xuño 2016 10:38



No IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra están Noelia, Isabel, Daniel, Julia, Alba e Marta como [Correspondentes Xuvenis](#).
Podedes ver o traballo que desenvolveron durante este curso no seu facebook:
<https://www.facebook.com/Freicorrespondentes-430357557163098/?fref=photo&rc=pe>
Parabéns!!!

Avaliación e da promoción do alumnado de educación primaria

Venres, 10 Xuño 2016 06:53



No DOG do 10 de xuño publícase a orde que regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.

1. A avaliación ten como finalidades a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e o exercicio da práctica docente.
2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.
3. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

[Diario Oficial de Galicia do 10 de xuño de 2016](#)

Libros para este verán!!

Venres, 10 Xuño 2016 12:01



Gústache ler? Poñemos a túa disposición unha listaxe de libros recomendados polo alumnado que participou durante este curso no programa [Correspondentes Xuvenis 3.0](#)

[Libros recomendados polo alumnado Correspondente Xuvenil](#)

Queres estudar artes plásticas e deseño no curso 2016-2017?

Luns, 13 Xuño 2016 06:43



A Consellería de Educación publica as normas para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2016-2017.

1. Acceso ás ensinanzas profesionais de **artes plásticas e deseño de grao medio**.

Requisitos:

- a) Dispor do título de graduado en educación secundaria e superar unha proba específica.
- b) Os aspirantes que non dispoñan do título de graduado en educación secundaria, deberán ter cumpridos os dezasete anos e superar a proba de madurez ademais da correspondente proba específica.
- c) A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, pola proba de madurez a ciclos formativos de grao medio de formación profesional, pola proba de madurez de grao medio de ensinanzas deportivas ou pola proba de acceso para os aspirantes ás ensinanzas artísticas superiores de música, arte dramática, deseño e conservación e restauración de bens culturais que non estean en posesión do título de bacharelato ou equivalente.

2. Acceso ás ensinanzas profesionais de **artes plásticas e deseño de grao superior**.

Requisitos:

